



ven. 1, sáb. 2,
dom. 3 e luns 4
[20 e 22:30]

ven. 8 [20 e 22:30]
sáb. 9 [17, 20, 22.30]
dom.10 [17 e 20]
luns 11
[22:30]



sáb.16 [17, 20, 22.30],
dom.17 [17 e 20],
luns 18 [22.30]

ven. 22 [20]
sáb. 23 [17 e 20],
dom.24 [17 e 20],



sáb. 1 marzo
[17, 20, 22.30]
dom. 2 [17 e 20]
luns 3 [22:30]

CINE



CINECLUB GROUCHO MARX

O BARCO CULTURAL febreiro 08



xoves 7 [20:30 e 22:30]

xoves 14 [20:30 e 22:30]

xoves 21 [20:30 e 22:30]

xoves 28 [20:30 e 22:30]

Teatro  Lauro Olmo



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

venres 15 febreiro. 21.00 h

Comida chinesa. Teatro de Adro

Comida chinesa é unha obra para dous actores e, sen embargo, ten un ritmo trepidante. É heredeira, culturalmente, do cinema. As súas personaxes están nas cabezas de todos os espectadores. A información que se nos dá resulta recoñecible.

Aínda hoxe, os psiquiatras non son quen de explicar que pasa pola mente dun asasino en serie. Moi poucos admiten a súa culpabilidade ou teñen sentimento de culpa polos seus actos. Case ningún se arrepinte e a moi poucos se les encontra unha motivación concreta que os leve a cometer os seus crimes.

Comida chinesa afonda no universo dos psicópatas, mais non propón un mundo de bóas e malos. Non introduce ningún maniqueísmo. Todos son xulgados. A vítima e o criminal aparecen diante dos nosos ollos en pé de igualdade. O autor fuxe, conscientemente, dos favoritismos. E é precisamente este enfoque o que fai novedoso o texto.

Na súa liña de facer propostas diferentes, Teatro de Adro, sorprendenos agora cunha obra descarnada, realista, provocadora na que os seus protagonistas vivirán un tempo definitivo da súa existencia nun espazo obsesivo e onde a cama será o lugar polo que xire unha grande parte da acción. A construción dunha banda sonora que nos evoque determinadas atmosferas do imaxinario colectivo, xunto coa presenza da imaxe gravada a través dun vídeo que nos aporte novos prismas argumentais serán dúas das características que desde a dirección definirán a nosa aposta.

Autor: Pedro A. Ramos García

Intérpretes: Xosé A. Porto "Josito" e Mónica García

Traducción, adaptación e dirección: Lino Braxe

Duración: 60 minutos aproximadamente.

Público preferente: Adulto



venres 29 febreiro. 21.00 h Ubú Rei. La Imagina Machina

Autor: Alfred Jarry.

Dirección: Juan Rodríguez.

Elenco: Tito Asorey, Nate Borrajo, David Varela, Galicia Gutiérrez "Gali", Leticia Álvarez "Lele", Andrea C. Freire

Duración: 90 minutos aproximadamente.

Público preferente: Adulto

LA IMAGINA MACHINA presenta o seu novo espectáculo, *Ubú rei*, unha comedia musical. O clásico contemporáneo volve percorrer os escenarios galegos. Ubú, esa grotesca marioneta, conquista o poder pola violencia e a traición, e continúa exercéndoas movido por un desaforado e obscuro apetito de dominación.

Unha farsa sobre os dramas shakesperianos en clave musical.

Un espectáculo onde o humor, o grotesco, o xogo da máscara, as cancións, unha escenografía impactante e un traballo de iluminación e proxeccións fan desta montaxe un verdadeiro espectáculo multimedia.

Seis actores e actrices dan vida a unha divertida comedia musical, a este delirante Ubú REInventado!